



## BANDO

**David Barbeira García, Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba, fai saber a toda a veciñanza:**

Que son 31 os casos positivos por Coronavirus.

### **MEDIDAS XERAIS**

Nivel de restrición máxima en toda Galicia. As medidas de prevención son:

-Limitacións á entrada e saída de persoas de cada un dos Concellos de Galicia, agás asistencia a servizos sanitarios, obrigas laborais, profesionais, empresariais, asistencia a universidades, centros educativos e docentes, escolas de educación infantil, retorno ao fogar, asistencia de maiores, dependentes, entidades financeiras, seguros, gasoleiras, notarías, xulgados, renovación de permisos e trámites administrativos, exames, coidado de hortas e/ou animais, autoescolas, centros de formación, abastecemento de alimentación e bebidas, forza maior...

-Non se permitirán reunións de persoas non conviventes en espazos públicos, privados e ao aire libre.

-Lugares de culto: Aforo de 1/3. Velatorios: Límite máximo de 5 persoas por túmulo, agás conviventes e 15 persoas no exterior. En comitivas: máximo 15 persoas non conviventes.

-A hostalería permanecerá pechada ao público, agás entrega a domicilio (ata as 00.00 horas) ou recollida ata as 21:30 horas.

-O comercio non esencial pechará ás 18:00 horas. Aforos 50%. Preferencia > 65 anos.

-O comercio esencial pechará ás 21:30 horas. Aforos 50%. Preferencia >65 anos.

-As áreas comerciais pecharán os sábados, domingos e festivos agás servizos esenciais. Aforo 30%.

-Autoescolas (nos vehículos utilización de máscara en todo momento), academias e centros privados non regrados: 50% de aforo. Preferente actividade non presencial.

-A actividade universitaria retomarase o 8 de febreiro de forma telemática.

-Pechan os centros sociais, sociocomunitarios, clubs de xubilados e permanecen abertos os centros de día de maiores/persoas con discapacidade e ocupacionais.

-Peche de biblioteca e ximnasios.

-Práctica do deporte de forma individual (agás conviventes) ao aire libre e con uso obrigatorio da máscara en todo momento. Pechan os centros deportivos. Suspensión de competicións a nivel autonómico. Continúan as competicións deportivas federadas a nivel nacional.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS DO CONCELLO DE SANTA COMBA:**

-Continúa suspendida a feira municipal.

-Péchanse os parques infantís, circuíto de calistenia, pista multideporte, pista de pádel e pavillóns.

-Péchase a biblioteca e o ximnasio.

-Suspéndense todas as actividades deportivas, culturais, educativas e lúdicas impartidas dende o Concello, realizadas en todos os edificios públicos.

-Quedan suspendidas todas as autorizacións municipais para eventos, feiras, charlas e/ou coloquios.

-Toque de queda entre as 22:00 e ás 6:00 horas.

Efectivas dende as 00:00 do día 27/01/2021 ata o día 17/02/2021.

Santa Comba, 27 de xaneiro de 2021

O Alcalde:

David Barbeira García